



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES "Maximino Romero de Lema"
☎ 981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)
✉ ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



Estimadas compañeiras/os:

O vindeiro sábado 20 de xuño o IES Maximino Romero de Lema de Baio-Zas está... de Festa!!!

O Centro Educativo pechará os actos culturais do seu **XX aniversario** con unha intensa xornada de **portas abertas** a toda a Comunidade, unha oportunidade para o encontro de todas aquelas xeracións de persoas que pasaron ou están unidas ao noso Centro na actualidade.

As actividades **serán na Carballeira do Instituto** e comezarán ás **13:00h** coa agrupación de **Gaiteiras/os de Adro**, acompañados de foguetes de sete estalos.

De seguido é o turno para o baile e a festa, da man dos ourensáns **O sonoro Maxín**; pura adrenalina para bailar e gastar pista antes do **Xantar Popular** que estará preparado para as **14:30h**.

(Os bonos serán de 10€ e poden retirarse nos bares da vila ou na secretaría do Centro antes do xoves 18 de xuño. Se o preferides chamade ao Centro ou mandade un correo para reservar os bonos e xa os pagaredes ese mesmo día. Animádevos a traer a familia se vos presta; hai actividades para as crianzas)

Ao rematar o xantar terá lugar o **“café literario” con Xurxo Souto** e o seu libro **“Contos do mar de Irlanda”** que nos transportará ao abraiante mundo mariño dende a visión dun terrícola apaixonado.

E depois do café un **“chupiño audiovisual”** coa estrea da curta **“A xustiza pola man”** da artista Compostelá **Uxía Castro Fondo**. Todo un luxo de sobremesa!!!

Ás **16:00h** comezarán os xogos populares, hinchábeis para as crianzas e o **“I torneo de Trompos do Prado da Torre”**.

Agardamos a vosa presenza e agradecemos a difusión.

Atentamente,



A Comisión de Cultura do IES Maximino Romero de Lema